

O Concello de Mondoñedo pon en marcha o servizo gratuito de impresión de material escolar.

O Concello de Mondoñedo, mediante a concellería de xuventude, en coordinación cos centros educativos do municipio, CEIP Álvaro Cunqueiro e IES Plurilingüe San Rosendo, poñen en marcha o servizo de impresión gratuita de material educativo para os pais/nais/titores e alumnos/as que non dispoñan de conexión a internet ou equipos informáticos.

Así pois, tamén terán acceso a este servizo aqueles alumnos/as de FPs ou titulacións universitarias que se atopen na mesma situación.

As familias que non teñan acceso a internet poderán solicitar o servizo das seguintes maneiras:

- Persoarse no Concello e acceder vía online ao material enviado polo centro para a posterior impresión.
- Mediante vía telefónica.

As familias que teñen acceso a internet poderán solicitar o servizo das seguintes maneiras:

- Persoarse no Concello e acceder vía online ao material enviado polo centro para a posterior impresión.
- Persoarse no Concello con un pen, no que irá previamente descargado o contido a imprimir.
- Reenviar vía email os arquivos para a súa posterior impresión a *xuventudemondonedo@gmail.com*
- Mediante vía telefónica.

A recollida do material impreso no Concello, farase da seguintes maneiras:

- Luns, mércores e venres en horario de 9:00 a 14:00
- Mediante cita previa telefónica

Ofertase tamén o servizo de entrega no fogar dos materiais educativos. Neste caso, cando se solicite o servizo de impresión, deberán facilitar un teléfono de contacto ao cal, unha vez impreso o material, se lles notificará cando se fará a entrega do mesmo.

Email: xuventudemondonedo@gmail.com

Teléfono: 982 52 40 03 Extensión 1